

**CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES “RETORNA AO RURAL CON CAMPUS TERRA” FINANCIADAS A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A USC E A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADES PARA O CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN CAMPUS TERRA. CURSO 2021/2022.**

**MARCO XURÍDICO E OBXECTO**

O Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela (USC), aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015, no que se establece o procedemento para a organización de prácticas externas curriculares, extracurriculares ou prácticas para a elaboración dos traballos fin de grao/fin de máster na propia USC, establece no seu artigo 19 que *“unha vez aprobados e actualizados os convenios para a realización de prácticas académicas externas, a USC procederá a convocar as prácticas mediante resolucións específicas que serán publicadas na páxina web e nos taboleiros de anuncios dos órganos convocantes”*.

A estes efectos, a Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo convoca unha oferta de 25 prazas para a realización de prácticas extracurriculares en empresas e entidades situadas no rural de Galicia, dirixidas a alumnos/as das titulacións de grao vinculadas ao Campus de Especialización Campus Terra. Estas prácticas están financiadas polo convenio de colaboración entre a USC e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, co fin de promover o retorno a territorios rurais e apoiar as pequenas empresas asentadas nel a través do Programa “Retorna ao Rural con Campus Terra”.

En consecuencia, esta Reitoría resolve,

**1.- Autorizar a concesión de 25 prácticas académicas extracurriculares** en empresas e entidades situadas no rural de Galicia para estudantes dos dous últimos cursos das titulacións de Grao vinculadas a especialización de Campus Terra (Anexo I), para desenvolver tarefas relacionadas coas saídas profesionais de ditas titulacións, por un período mínimo de 1 mes e máximo de 3 meses (entre xuño e setembro de 2022) e por un importe total de 1.263,22 € por estudante para tres meses (incluídos gastos de seguridade social), ou a parte proporcional se a duración fose de 1 ou 2 meses.

A dotación destas prácticas inclúese na partida 8042-131A-22600 dos orzamentos da USC para o exercicio 2022.

**2.- Establecer o seguinte réxime de prácticas extracurriculares**

- As prácticas terán carácter formativo.
- As actividades formativas organizaranse tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado e a súa compatibilidade académica.
- As prácticas estarán remuneradas de acordo co establecido no apartado 1 desta convocatoria, e serán compatibles coas bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación y Formación Profesional e da Xunta de Galicia.
- As prácticas terán unha duración de 1 a 3 meses cunha xornada semanal de 25 horas, realizando deste modo un mínimo de 4 créditos ECTS e un máximo de 13 ECTS, tendo en conta que 1 ECTS equivale a 25 horas de traballo do alumno.

- Estas prácticas estarán remuneradas con cargo á partida que se indica no apartado 1 desta resolución e serán incompatibles con calquera relación laboral retribuída. No caso de percibir retribucións por calquera outra actividade que non supoña relación laboral, deberán solicitar no prazo de 5 días a oportuna compatibilidade perante o órgano convocante, suspendéndose ata a súa concesión/denegación os dereitos e deberes inherentes a estas prácticas.
- A concesión e desenvolvemento das prácticas non establece relación contractual ou estatutaria coa USC nin coa entidade de acollida nin implica compromiso en canto á posterior incorporación do/a interesado/a ao seu cadro de persoal.
- Ningún estudante poderá prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro desta resolución.
- O número de prácticas repartirase entre os graos vinculados a especialización de Campus Terra (**Anexo I. Titulacións e oferta de prazos por titulación**).

### 3.- Requisitos a cumprir polo alumnado para a realización destas prácticas extracurriculares

- Ser estudante dos dous últimos cursos dunha titulación de grao oficial de Campus Terra durante o curso 2021-2022. Deberá estar matriculado na data de comezo das prácticas, e durante todo o período de desenvolvemento das mesmas, na modalidade de matrícula ordinaria.
- Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas académicas externas extracurriculares.
- Non ter realizado o depósito do título de grao. No caso de facelo durante o período de desenvolvemento das prácticas, o trámite de depósito porá fin á práctica.
- Non manter ningunha relación contractual coa USC.

### 4.- Solicitudes

- As persoas que desexen realizar as prácticas deberán cubrir a solicitude que figura como **Anexo II**, dirixida á Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela. A presentación de solicitudes farase no Rexistro electrónico da USC de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.  
<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/rexistroEntrada/acceso.htm>
- Para seren admitidos/as ao procedemento de selección os/as aspirantes manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidas, referidas á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de solicitudes.
- A presentación da solicitude implica a aceptación das bases por parte de cada solicitante.
- Estas axudas serán incompatibles con calquera outra que se poida percibir da USC para a realización da mesma práctica no mesmo período.

### 5. Documentación a presentar polos solicitantes e prazos

- Solicitude, segundo o modelo do **Anexo II**, indicando un máximo de 3 empresas ou entidades onde desexen realizar as súas prácticas, seleccionadas entre as que figuran na listaxe do **Anexo III**.

- O prazo para a entrega de solicitudes comeza o día seguinte á publicación da convocatoria e remata o 21 de Maio de 2022.

## 6.- Publicación de admitidos

A Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo publicará, no taboleiro electrónico da USC, a relación de aspirantes admitidos e excluídos, coa causa da súa exclusión. Os solicitantes excluídos terán un prazo de 3 días a partir do seguinte á publicación no taboleiro electrónico para a subsanación da causa que motivou a exclusión, quedando definitivamente excluídos de non facelo.

## 7.- Comisión de Selección

A comisión estará formada polo Vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo ou persoa en quen delegue, a Dirección do Campus Terra e o Xefe de Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica aos que lle serán de aplicación os artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A comisión de selección levantará acta cos acordos acadados e as puntuacións correspondentes.

## 8.- Criterios de selección e adxudicación

A orde de prelación entre solicitantes virá determinada pola respectiva nota media que figure no expediente académico na USC, integrada polas cualificacións que correspondan ao curso 2020/2021, sempre que tales cualificacións consten en actas na data fin de prazo de presentación de solicitudes.

A adxudicación se levará a cabo por titulacións, correspondendo a cada titulación o número de prazas que figura no **Anexo I**.

## 9.- Listas de admitidos, matrícula e réxime de aseguramento

- A comisión de selección elaborará unha proposta de resolución cos candidatos seleccionados e a listaxe de agarda, por orde de puntuación, para que a Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo dite a resolución correspondente que será publicada no Taboleiro Electrónico da USC. Elaborarase unha proposta de resolución cos candidatos seleccionados e a lista de agarda por centro e orde de puntuación.
- Contra esta resolución as persoas aspirantes poderán presentar reclamación no prazo 5 días, contados dende a data da súa publicación. Transcorrido ese prazo e á vista das reclamacións, a Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo ditará Resolución definitiva para a súa publicación.
- A resolución definitiva será comunicada aos responsables dos centros (decanos/as directores/as) aos que pertencen os alumnos seleccionados para que procedan á designación do/a titor/a académico/a, quen deberá formar parte do Persoal Docente e Investigador do centro.

- As prazas vacantes que non se cubran para as distintas titulacións poderán ser redistribuídas equitativamente entre aquelas que teñen candidatos en lista de agarda, por orde da nota do seu expediente.
- O réxime de aseguramento das prácticas será o establecido na normativa de seguridade social para as prácticas extracurriculares.

#### 10.- Documentación a presentar e requirimentos dos estudantes seleccionados

- Publicada a resolución definitiva de adxudicación das prácticas os seleccionados deberán formalizar a matrícula de forma presencial na Unidade de Xestión Académica que lles corresponda, no prazo que se indique na resolución definitiva.
- Os estudantes seleccionados deberán enviar por correo electrónico á Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo o DNI, o número de conta para facer o ingreso, o número da Seguridade Social e o modelo 145 do IRPF, (retencións sobre rendemento do traballo).

#### 11.- Plan de formación e obrigas dos estudantes seleccionados

- As actividades formativas desenvolveranse durante o período das prácticas e deberán quedar acreditadas mediante control de asistencia, informes do/a titor/a e/ou memoria de actividades a cargo da persoa beneficiaria.
- O/a estudante está obrigado/a a cumprir o plan de formación debendo realizar as actividades establecidas de acordo coa correspondente planificación e logo de realizada a fase inicial de formación, na que a asistencia do/a estudante será condición necesaria para o inicio das prácticas.
- O incumprimento das obrigas por parte do alumnado seleccionado dará lugar á revogación inmediata co cese na percepción da contía económica durante os meses que resten da práctica, sen prexuízo da devolución das cantidades obtidas por incumprimento das obrigas e doutras responsabilidades que se lle puideran esixir.
- No caso de que os estudantes non poidan cumprir as obrigas desta resolución poderán renunciar mediante a correspondente solicitude á Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo, que resolverá.

#### 12.- Avaliación

- Ao finalizar o período de prácticas cada estudante deberá desenvolver o proxecto formativo elaborando unha memoria final sobre as actividades realizadas que non debe superar as 1000 palabras.
- A avaliación das prácticas realizarase a USC a través do/a titor/a académico/a á vista da memoria final e do informe do titor de prácticas externo (representante da empresa ou entidade de acollida).

### 13.- Acreditación

Cando a avaliación da memoria sexa positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o titor de prácticas externo emitirá por cada estudante que participou nas prácticas unha certificación na que constará o tempo de colaboración e as actividades e tarefas realizadas. A certificación deberá especificar que só terá efectos académicos (no SET) logo da avaliación do/a titor/a académico/a da USC.

### 14.- Lugar de notificación dos actos derivados desta resolución

De conformidade cos artigos 40 a 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, todas as notificacións practicaranse por vía electrónica a través do Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica da USC.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela / Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por delegación do Sr. Reitor  
(RR do 21.04.2022 – DOG do 26.04.2022)  
O Vicerreitor de Organización Académica e Campus de Lugo

Francisco Fraga López

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

## ANEXO I

### Titulacións e número de prazas por Titulación para 3 meses

(no caso de que o período de prácticas sexa menor (de 1 mes ou 2 meses) as prazas aumentan proporcionalmente para cada grao

- Grao en Veterinaria: 5 prazas
- Grao en Enxeñaría agrícola e agroalimentaria: 4 prazas
- Grao en Enxeñaría forestal e do medio natural: 4 prazas
- Dobre Grao en Enxeñaría agrícola e agroalimentaria e en enxeñaría forestal e do medio natural: 4 prazas
- Grao de Nutrición humana e dietética: 4 prazas
- Grao en Enxeñaría de procesos químicos industriais: 4 prazas

## ANEXO II

### Solicitude

O/a abaixo asinante manifesta que leu e acepta as condicións e compromisos establecidos na convocatoria, e de acordo co establecido na mesma, fai constar a seguinte información:

#### 1.- Estudante solicitante

Apelidos e nome: .....

DNI Nº .....

Correo electrónico ..... Tfno. ....

O/a estudante declara cumprir os requisitos establecidos para a realización das prácticas no punto 3 da convocatoria así como estar ao corrente no pagamento do seguro (Seguro Escolar para menores de 28 anos; seguro específico para os maiores de 28 anos).

#### 2.- Titulación na que está matriculado

.....

#### 3.- Empresa ou entidade onde se desenvolverán as prácticas

Opción 1.- .....

Opción 2.-.....

Opción 3.-.....

#### 4.- Duración das Prácticas Extracurriculares

Indicar período elixido entre Xuño e Setembro de 2022: .....

Indicar a duración das prácticas (nº de meses): .....

Lugo a.....de.....de 2022

O/A alumno/a

### ANEXO III

#### LISTAXE DE EMPRESAS E ENTIDADES INTERESADAS EN ACOLLER ALUMNOS EN PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES DENTRO DO PROGRAMA “RETORNA AO RURAL CON CAMPUS TERRA”

##### FACULTADE DE VETERINARIA:

- Aira Soc. Coop. Galega (Taboada, Lugo)
- Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia (Pazo de Feiras e Congressos, Av. Fábrica da Luz, s/n, 27004 Lugo)
- Cogal (Rodeiro, Pontevedra)
- Cooperativas Lácteas Unidas (CLUN).
- Coren (Santa Cruz de Arrabaldo, Ourense)
- De Heus Nutrición Animal SAU (Rúa da Factoría, 118, Lugo)
- Ganxabar – Cooperativas de ganaderos de las comarcas de Xallas y Barcala.
- Nudesa (Silleda, Pontevedra)
- Piscifactoría Ovapiscis (Fonte, Lugo)
- Recría Castro (Castro Riberas de Lea, Castro de Rei, Lugo)

##### ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA:

- Adegas Terra de Asorei S.L. (Meis, Pontevedra)
- Agro Xinzo (Xinzo de Limia, Ourense)
- Agroamb (Castro de Rei, Lugo)
- Asociación Provincial de Empresarios da Madeira de Lugo (Lugo)
- Champivil S.L. (Vilalba, Lugo)
- Cultivo e procesado de plantas mecinais. Milhulloa Soc. Coop. Galega. (Palas de Rei, Lugo)
- Hifas Forest (Bora, Pontevedra)
- Innogando (Cospeito, Lugo)
- Kalinka Lagazós S.L. (Lalín, Pontevedra)
- Lutega Cooperativa Lúpulo e Orballo (Abegondo, A Coruña)
- Maderas Villapol (Trabada – Lugo)
- Na Abada S.L. Acubam (Tomiño, Pontevedra)
- Operadores de drons. Aerocámaras S.L (Lalín, Pontevedra)
- Procesado de carne. Casa Castelao SL. (A Fonsagrada, Lugo)
- Producción de carne vacún A Carqueixa (Ancares, Lugo)
- Cooperativa Campo Capela (A Capela, A Coruña)
- Suministros Hortícolas Bacelo, S.L. Acubam (Amorín, Pontevedra)
- Via Romana S.L. (Chantada, Lugo)
- Vidaplant S.L. Acubam (O Cruceiro, Pontevedra)
- Viveiro Río Tollo (Tomiño, Pontevedra)



**FACULTADE DE CIENCIAS:**

- Adegas Terra de Asorei S.L. (Meis, Pontevedra)
- Agrupación de Cooperativas Lácteas, S.L. (Clesa) (Caldas de Reis, Pontevedra)
- Cabomar Congelados, S.A.U. (Marín, Pontevedra)
- COESCO Deza S.L.U. (Silleda, Pontevedra)
- Cooperativas Lácteas Unidas S.C.G.- Feiraco Lácteos, S.L. (Ames, A Coruña)
- Frigoríficos del Lea, S.L. (FRILEA) (Castro Riberas de Lea, Lugo)
- Lago Aves, Huevos y Caza S.A. (Campaño, Pontevedra)
- PROLACTEA, S.A.U.P. (Vilalba, Lugo)
- Queserías Entrepinares, S.A.U. (Vilalba, Lugo)
- Real Conservera Española S.L. (Cambados, Pontevedra)
- Veigas de Sabugueiro S.L. (Vilar de Santos, Ourense)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** FRANCISCO JOSE FRAGA LOPEZ, VICERREITOR DE ORGANIZACION ACADEMICA E DO CAMPUS DE LUGO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 05/05/2022 14:48:50.

**CSV:** 3974-4229-4EB1-A5F0